

**RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR**  
**SORTEO PARA A CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL**

De conformidade co establecido na *Resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro)*, realizarase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do centro educativo.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O director ou directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste centro educativo o próximo **día 21 de outubro, luns, ás 11:30 horas na sala de mestres do centro.**

Ourense, 16 de outubro de 2024

A DIRECTORA DO CENTRO,

  


Asdo.: A. Berta Rodríguez Pérez